

## REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL

Publicado o edicto no *Boletín Oficial da Provincia* do 25 de febreiro de 1989 durante o prazo de 30 días e ao non se presentar reclamacións contra o Regulamento do cemiterio municipal, de conformidade co acordo plenario do 2 de febreiro de 1989, quedou definitivamente aprobado o Regulamento do cemiterio municipal seguinte:

### CAPITULO I

#### *Disposicións xerais*

Artigo 1. O presente Regulamento regula o cemiterio propiedade do Ilmo. Concello do Grove.

Artigo 2. A inspección e dirección dos servizos estará a cargo da Alcaldía ou persoas que a representen.

Artigo 3. O persoal para estes servizos dependerá única e exclusivamente do Ilmo. Concello do Grove, quen o proverá en cada instante e á vista das necesidades existentes. Estes funcionarios ou empregados terán as categorías e emolumentos que se determina no cadro de persoal xeral do Concello.

### CAPITULO II

Artigo 4. Serán obrigacións do persoal adscrito ao cemiterio municipal as seguintes:

Cumprir e facer cumprir as ordes emanadas da Alcaldía ou quen a represente ou de calquera outro órgano de Goberno do Concello; abrir as fosas, nichos e demais que se designen; coidar de que non desapareza obxecto ningún das sepulturas; evitar que se vexan ósos e obxectos de calquera clase na superficie do terreo; coidar da limpeza do cemiterio; evitar a entrada de cans e calquera outro animal no recinto; non permitirá a entrada de persoas que non garden a debida compostura e respecto naquel lugar. Procurará asegurarse de se hai algunha persoa dentro do cemiterio antes de pecharse definitivamente as portas; coidará da limpeza dos carreiros e fará plantacións que se determinen polo Concello. Observará a máis escrupulosa vixilancia para evitar que arranquen flores ou árbores, denunciando a esta Alcaldía as anomalías.

Artigo 5. O horario do cemiterio o determinará en cada momento o alcalde.

### CAPITULO III

#### *Enterramentos e exhumacións*

Artigo 8. Os enterramentos se efectuaranse nos lugares designados para eles, atendéndose estritamente as disposicións legais vixentes en cada momento.

Artigo 9. Os cadáveres irán en féretros e o Concello obrígase a facilitarllos gratuitamente aos falecidos indixentes e especialmente aos que aparezan no Padrón de la asistencia social ou beneficencia.

Artigo 10. Os cadáveres serán conducidos á sepultura por persoal da empresa de pompas fúnebres correspondente. Se a familia ou amigos desexan conducir o cadáver ata o sitio determinado, seralles permitido.

Artigo 11. As fosas terán as dimensións máximas de 2,50 metros de longo e 0,80 de

ancho e 2 metros de profundidade; a separación dunha a outra será de 0,50 metros. Os nichos terán 0,80 metros de ancho por 0,50 de alto e 2,50 metros de profundidade.

Artigo 12. Terán sepultura gratuíta:

1. Os cadáveres dos pobres de solemnidade e mendigos.
2. Os que fosen enviados polas autoridades xudiciais e administrativas e que nas ordes de enterramento así o dispuxesen.

Artigo 13. Serán perpetuos os enterramentos que se verifiquen en panteóns, mausoleos, nichos e sepulturas de propiedade.

Nestes enterramentos, é potestativo dos propietarios deixar indefinidamente os cadáveres ou exhumalos no tempo legal, podendo transcorrido este, trasladar os restos cadavéricos a outra propiedade ou ao osario xeral, de conformidade coas disposicións legais vixentes na materia.

Artigo 14. Permitirase reunir nunha mesma sepultura de propiedade, con consentimento expreso do propietario, os restos mortais doutras persoas, así como efectuar enterramentos de cadáveres.

Artigo 15. Os restos de féretros, mortallas ou roupas que se recollan das exhumacións destruíraas o persoal do Concello.

## CAPITULO IV

### *Zonas de enterramento*

Artigo 16. O terreo para enterramentos no cemiterio divídese en dúas zonas: aa destinada a construción de nichos e a inhumacións en terra.

Artigo 17. As concesións de nichos, fosas e panteóns do cemiterio municipal outorgaranse por un prazo de 99 anos, a partir da data de entrada en vigor da presente modificación. Logo da comunicación ao Concello das ditas concesións serán transmisibles a título gratuíta por actos *inter vivos* ou *mortis causa* a favor de familiares do titular, en liña directa e colateral ata o 4º grao, así como o efectuado a cónxuxes ou persoas que acrediten lazos de afectividade e convivencia co titular por un mínimo de dous anos anteriores á transmisión. Así mesmo estimaranse válidas aquelas que se definan a favor de hospitais, entidades benéficas ou relixiosas e institucións públicas. Se algún concesionario quere renunciar á concesión deberá retrotraela ao Concello. Permítese a permuta de concesións sobre dos nichos, fosas e panteóns, logo da autorización municipal.<sup>1</sup>

## CAPITULO V

### *Construcións*

Artigo 18. Toda construción, decoración, ampliación ou reforma de nichos, panteóns e fosas no cemiterio municipal solicitaráselle mediante instancia ao Concello, acompañada de planos e deseño das obras para realizar. Serán resoltas polo órgano competente municipal, axustándose á normativa urbanística de

---

<sup>1</sup> A redacción deste artigo, así como a do 22, son froito da modificación aprobada por un acordo plenario do 31/10/2002 (BOP de Pontevedra núm. 31, do 14/02/2003).

aplicación.

Artigo 19. Todos os traballos para a preparación de materiais destinados á construción de monumentos, mausoleos e sepulturas, deben ser feitos en lugar designado por persoal deste Concello, e só despois de convenientemente preparados, poderán ser conducidos ao pé da obra, estando prohibido amontoar entullos en calquera punto do cemiterio e, de non retiralos ao seren requiridos, poderán os infractores ser sancionados con multa de ata 10.000 pesetas.

Artigo 20. Todo o que constrúa obras no cemiterio está no deber de conservalas en perfecto estado de seguridade, ornato e decoro.

Artigo 21. Á terminación das obras que se fagan no cemiterio deberase deixar en perfecto estado de limpeza o sitio que ocupase para os traballos de construción; son responsables diso tanto o propietario coma o construtor.

#### *Disposicións adicionais*

Artigo 22. Respectaranse en caso de traslado todos os dereitos así como os dereitos adquiridos derivados de títulos outorgados ao amparo do regulado nos arts. 17 e 22 da anterior redacción do Regulamento do cemiterio municipal, que era a seguinte:

*“Art. 17: O comprador de terreos ou nichos no cemiterio adquire desde que verifique o pagamento, dereito de propiedade a perpetuidade, pero co carácter de inalienable, sendo transmible tan só por título de sucesión, é dicir, por testamento ou en liña ascendente ou descendente se non houbese testamento ou este non citase o dito ben.*

*Art. 22: Sempre que neste regulamento se fala de alleamento a favor de particulares, a perpetuidade de terreos e de nichos, enténdase que a propiedade que por tales alleamentos adquiran aqueles non é absoluta, senón a que se coñece como propiedade funeraria, é dicir, unha concesión a perpetuidade, sen dereito a indemnización ningunha en caso de traslado ou clausura do cemiterio, non podendo cedelo a terceiras persoas nin a título gratuíto ou oneroso e pérdese por abandono da concesión.”<sup>2</sup>*

#### *Disposicións finais*

1.<sup>a</sup> Dereito supletorio: para o non previsto neste regulamento estarase ao disposto no Regulamento de policía sanitaria e mortuoria vixente en cada momento, Regulamento de cemiterios promulgado pola Xunta de Galicia, bandos e normas que dite a Alcaldía, así como as ordenanzas e acordos municipais adoptados en materia da súa competencia e costume do lugar.

2.a O presente regulamento entrará en vigor una vez que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia. O

O Grove, 5 de abril de 1989. A alcaldesa, María Lina Bernárdez Prol.

---

<sup>2 2</sup> A redacción deste artigo, así como a do 17, son froito da modificación aprobada por un acordo plenario do 31/10/2002 (BOP de Pontevedra núm. 31, do 14/02/2003).

